



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS/PEOAS FORESTAIAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2025. EXP. 2025/E001/000002**

### **1ª: OBXECTO**

O obxecto desta convocatoria é a realización dun proceso selectivo, mediante oposición, para a contratación de tres persoas traballadoras como peóns/peoas forestais (grupo de cotización 10) en réxime laboral temporal, por un período de nove meses, para desenvolver o proxecto denominado "Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso", de acordo coa subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

### **2ª: FUNCIÓNS**

Os traballadores dedicaranse a realizar tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa.

Realizarán, entre outras, as seguintes tarefas:

- Limpeza, desbroce e tratamentos preventivos en pistas forestais de titularidade municipal, favorecendo a limpeza, o ornato e a prevención do risco de incendios, así como o acceso ás mesmas.
- Mantemento das pistas de titularidade municipal, revisando os pasos de auga, cunetas e evacuación de drenaxes superficiais, de xeito que sexan transitables en todo momento.
- Corta, podas e roza manual en faixas laterais de redes viarias municipais e nas faixas da rede secundaria, así como a retirada e xestión dos restos.
- Traballos de mantemento da infraestrutura pública municipal, principalmente no acceso ás praias, paseos, rutas e nas parcelas de titularidade municipal.
- Accións de limpeza de espazos naturais e vertedoiros incontrolados.
- Combater a proliferación de especies de flora exótica invasora, incluídas como tales no CEEEI (Catálogo español de especies exóticas invasoras).

### **3ª: MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACION**

As contratacóns realizaranse a través da modalidade de contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa (código 405), conforme ao indicado no artigo 15 da orde da convocatoria e na resolución de concesión da subvención, por un período de 9 meses, coa distribución de xornada que estableza a Alcaldía.

### **4ª: CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO**

Número de postos de traballo: 3



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponceceso.gal](mailto:concello@ponceceso.gal)  
[www.ponceceso.gal](http://www.ponceceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

Clase: Persoal laboral temporal a xornada completa

Categoría profesional: Peón/Peoa forestal

Modalidade de contratación: Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código 405)

Grupo de cotización: 10

Duración do contrato: 9 meses

Retribucións brutas mensuais: 1.381,34 euros/mes brutos (incluído prorratoe paga extra)

A selección das persoas traballadoras será mediante presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO: 9543

## 5ª: REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e aqueles establecidos pola Orde da subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025), isto é:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e do previsto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público por nacionais doutros estados.
- b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa para o acceso ao emprego público.
- c) Non se require titulación académica (Disposición adicional 7ª do TREBEP).

d) Posuér a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desenvolvemento das funcións da praza á que se opta.

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida polo organismo competente.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

f) Non atoparse incuso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto na base 10<sup>a</sup>, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

h) Estar desempregado/a inscrito/a como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego na ocupación de Peón/Peoa Forestal no Servizo Público de Emprego de Galicia.

j) Figurar na relación de currículos que envía a Oficina de Emprego de Carballo ao Concello de Ponteceso para a oferta presentada en relación con esta contratación.

k) Non ter sido contratado no programa APROL RURAL por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

De acordo co punto 6 do artigo 14 da Orde do 5 de marzo de 2025 terán preferencia as seguintes persoas:

“Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

c) Mulleres, en especial aquellas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquellas sen cualificación profesional.

e) Persoas paradas de longa duración.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuge, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento".

Os anteriores requisitos deberán posuírse con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e ata a formalización do contrato de traballo.

## 6ª: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1- O Concello de Ponteceso dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/sxc/g1/>) e na páxina web (<https://www.ponteceso.gal>).

2- O Concello de Ponteceso solicitará as persoas candidatas para cubrir os postos mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina Pública de Emprego de Carballo, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e bases no BOP, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas candidatas para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

Soamente serán admitidos/as e poderán presentarse a este proceso as persoas candidatas que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego, de conformidade coa oferta presentada por este concello, non sendo admitido/a ningunha outra persoa que non figure no citado listado.

3- Remitida pola Oficina Pública de Emprego a listaxe de persoas candidatas, os/as aspirantes presentarán instancia para participar neste proceso no modelo oficial que se achega como Anexo I ás bases, dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso, dentro do prazo de tres (3) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte a aquel no que a persoa candidata reciba comunicación por parte do Concello de que está incluída na relación enviada polo Servizo Público de Emprego (oficina de emprego de Carballo) en contestación da oferta presentada. Así mesmo, as instancias tamén se poderán presentar na forma e nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso o aspirante deberá comunicalo ao correo electrónico [concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net), achegando copia da solicitude rexistrada.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A comunicación aos desempregados farase a través do teléfono ou do correo electrónico que figure na documentación remitida dende a Oficina de Emprego de Carballo. Poderá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por email. Para aqueles casos nos que non se contacte coa persoa candidata, bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

4- Á instancia (Anexo I) unirase necesariamente a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI
- b) Fotocopia do título do Celga 1 (ou superior) ou equivalente, se é o caso.
- c) Fotocopia da tarxeta actualizada xustificativa de ser demandante de emprego
- d) Declaración xurada de non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a 9 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE) (Anexo II)

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou copia auténtica, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento de cada unha das persoas candidatas comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela. No caso de detectarse falsidade documental será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 7ª: ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución, dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes, contendo:

1. A lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas da exclusión.
2. A designación do tribunal cualificador
3. Lugar, data e hora de realización das probas.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal.

No caso de non haber aspirantes excluídos/as, a Alcaldía ditará xa a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas.

No caso de habelos, os/as aspirantes excluídos/as, así como os omitidos/as na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos/as e excluídos/as.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do procedemento.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional elevarase a definitiva.

No caso de que se presentasen alegacións ou emendas contra a resolución de aprobación da lista provisional procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será igualmente publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulta que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda. Se nun momento previo se desprende que non se posúen algún dos requisitos o interesado decaerá en todos os seus dereitos.

#### **8ª: TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do tribunal cualificador serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución de Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a 5, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoa laboral fixo

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira

A totalidade dos seus membros deberá posuér un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse á paridade entre mulleres e homes, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O tribunal poderá disponer a incorporación dun asesor especialista, para todas ou alguma das probas, que colaborará co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, sen que sexa integrante do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente), sendo necesaria a asistencia do



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

presidente e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade de quen actúa como presidente/a.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Os membros do tribunal deberán abstirse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra alguma das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

A actuación do tribunal cualificador axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto de aspirantes.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesión que celebre o tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante.

## **9<sup>a</sup>: DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO**

1. Os/as aspirantes será convocados para o día sinalado para a realización das probas na resolución de Alcaldía pola que se aproba lista provisional de aspirantes admitidos..

2. Con carácter xeral, para aquellas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, as persoas aspirantes serán chamadas de acordo coa Resolución do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 16, do 24 de xaneiro de 2025) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apellido comece pola letra “F”.

De non contar con aspirantes cuxo primeiro apellido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamada única, debendo presentarse co seu DNI. A non presentación no momento de seren chamadas comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar na proba do que se trate e nas sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

4. Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

## **10<sup>a</sup>: PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O sistema de selección será o de oposición.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponceceso.gal](mailto:concello@ponceceso.gal)  
[www.ponceceso.gal](http://www.ponceceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## A) FASE DE OPOSICIÓN (puntuación máxima 20 puntos)

### A.1 Proba práctica:

De carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obligatorio e eliminatorio, relacionada coas funcións propias dos postos de traballo obxecto da convocatoria sinaladas na base 2ª, a determinar polo tribunal avaliador antes da realización da mesma, nun tempo máximo que tamén determinará o tribunal segundo a dificultade do exercicio.

Este exercicio cualificarse de 0 a 20 puntos, sendo excluídos/as os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 10 puntos. Correspondrá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Valorarase a rapidez, habilidade e a destreza na execución da proba, a precisión e limpeza dos traballos e o resultado final acadado.

### A.2 Proba de coñecemento de galego:

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos básicos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) deberán realizar unha proba que terá carácter obligatorio e eliminatorio.

A proba consistirá na tradución dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto, correspondendo ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o resultado de apto.

Quedarán exentos da realización desta proba aquellas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente.

## 11ª: RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

1. Rematado o proceso selectivo, o tribunal formará a relación provisional de aspirantes aprobados/as pola orde de puntuación final obtida na fase de oposición, non podendo superar estes o número de prazas convocadas.

2. No caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1º Resolverase por orde alfabética do 1º apellido, comezando pola letra "F", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda e Administración Pública, que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público para o ano 2025 (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro de 2025). As preposicións e artigos que formen parte do primeiro apellido non se terán en conta para a orde alfabética e escribiranse detrás do nome posposto (Por exemplo: Marta de Hernández. A letra a ter en conta será o "H"). De persistir o empate, atenderase á 2ª letra do 1º apellido, seguindo a orde alfabética anterior e así ata desfacer o empate; continuando polo 2º apellido e finalmente polo nome.

2º Finalmente, no caso de que o empate continuara persistindo, dirimirase por sorteo.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

3. O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, áinda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobadas por obter unha puntuación inferior.

4. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous (2) días hábiles para presentar alegacións ás puntuacións provisionais, contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións. De non presentarse alegacións, elevarase a definitiva a listaxe.

5. Resoltas as posibles alegacións e/ou emendas ou transcorrido o prazo sen terse presentado ningunha, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios da sede electrónica a listaxe definitiva de aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza, coa puntuación obtida por orde de maior a menor, xunto coa relación definitiva dos/as aspirantes aprobados/as tamén pola orde da puntuación obtida.

6. O tribunal elevará ao alcalde a proposta de contratación a favor das persoas aspirantes con maior puntuación, para os efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

As persoas aspirantes non seleccionadas, pero que tiveran superado o proceso selectivo, serán propostas polo tribunal, por orde descendente de puntuación, para a creación dunha listaxe de reserva, cuxo funcionamento se rexerá polas normas sinaladas na base 14<sup>a</sup>.

O tribunal non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno derecho calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma. Non obstante, cando se produzcan renuncias do/s aspirante/s aprobado/s antes da súa toma de posesión, o órgano convocante poderá propor novo/s nomeamento/s entre o/s aspirante/s da listaxe definitiva destinada a formar a listaxe de reserva con carácter previo á súa constitución.

7. A acta do tribunal publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponteceso.

## **12<sup>a</sup>: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

1. Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, e sen prexuízo en todo caso, do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas aspirantes propostas para a contratación, presentarán no Rexistro Municipal, no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva de aprobados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponteceso, os documentos seguintes:

- a.- Orixinal ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- b.- Certificado/informe médico acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

d.- Declaración xurada de non estar incuso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

e.- Xustificante orixinal de estar desempregado/a no momento de inicio da relación laboral.

f.- Certificado de conta bancaria

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

2. A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación coa persoa aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol das persoas aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo isto como consecuencia da citada anulación.

### **13<sup>a</sup>: DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

1. Presentada a documentación esixida na base anterior polas persoas interesadas, e sendo a mesma conforme, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos/as aspirantes propostos/as e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.
2. Mientras non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.
3. Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá todos os dereitos derivados da superación das probas selectivas.
4. A resolución nomeando as persoas candidatas seleccionadas será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponteceso.

### **14<sup>a</sup>: LISTAXE DE RESERVA**

Coa relación definitiva dos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non obtiveran praza e pola orde da puntuación obtida, formarase unha listaxe de reserva cuxa vixencia coincidirá coa duración da contratación obxecto das presentes bases, en atención ao seu carácter temporal.

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (semper respectando a orde da lista), no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacionés



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponceceso.gal](mailto:concello@ponceceso.gal)  
[www.ponceceso.gal](http://www.ponceceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

antes descritas, sempre e cando as persoas candidatas cumpran os requisitos establecidos no apartado 5º para ser admitidos/as e continúe en desemprego no momento de formalizar a contratación.

A formación e/ou actualización da listaxe serán aprobadas por resolución de Alcaldía que se publicará no taboleiro anuncios da sede electrónica.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacóns desta lista.

O funcionamento da lista de reserva rexeráse polas seguintes normas:

Cando xurda unha necesidade de persoal obxecto da presente lista, ofreceráselle a contratación ao/á aspirante que ocupe na mesma a posición de maior preferencia, sempre que poida ser contratado/a conforme á lexislación vixente en cada momento e sen conculcar á mesma.

Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónica, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións cun intervalo mínimo de 5 horas, deixando constancia incorporada ao expediente. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicacións de chamamento fará constar, mediante dilixencia, a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición a ser contratado e que desiste do mesmo. Deixarase constancia documental no expediente.

A partir do momento en que se estableza o contacto coa persoa interesada mediante calquera dos medios sinalados anteriormente, o/a aspirante disporá como máximo de dous (2) días hábiles para dar contestación á oferta. Se transcorre este prazo e non se recibe contestación, entenderase que renuncia sen causa xustificada e procederáse á exclusión automática da listaxe de reserva.

Non obstante, a persoa interesada poderá rexeitar a oferta de traballo, non dando lugar nin á exclusión da listaxe nin a perda da posición nela, sempre que alegue e acredite axeitadamente algunha das circunstancias seguintes:

- A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento.
- B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.
- C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partir do segundo), no caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partir do segundo) ou ter ao seu cargo a atención de familiares ata o segundo grao.

Mediante resolución da Alcaldía determinarase a procedencia da aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou ao posto de traballo, así como a exclusión da lista de reserva.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

No caso de que o aspirante acepte a oferta de traballo, disporá dun prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde a aceptación da oferta, para achegar a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico se deduza que o aspirante carece dalgún dos requisitos sinalados na base 5<sup>a</sup>, non poderá ser contratado e quedarán anuladas todas as actuacións, quedando excluído da lista, sen prexuízo da responsabilidade en que houbera incorrido por falsidade na solicitude de participación.

A contratación do/a aspirante determinará que o mesmo cause baixa temporal na listaxe, volvendo a causar alta unha vez que finalice a prestación de servizos para a que foi contratado/a e sempre que non incorra en causa de exclusión. A alta farase efectiva no mesmo lugar que lle corresponda en relación cos puntos obtidos, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación.

A exclusión dun/dunha aspirante da listaxe producirase nos seguintes supostos:

- Por solicitude expresa do aspirante.
- A falta de resposta á oferta de traballo no prazo concedido.
- Rexeitamento da oferta de traballo sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria no prazo concedido, agás nos casos de forza maior.
- A non incorporación ao posto de traballo ofertado tras a aceptación da oferta sen causa xustificada e debidamente acreditada.
- Renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo para o que fose nomeado sen causa xustificada e debidamente acreditada.

## **15<sup>a</sup>: PUBLICIDADE**

A publicidade das bases farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/sxc/g1/>) e na páxina web (<https://www.ponteceso.gal>).

Os resultados das probas, as citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranxe a cabo únicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados, sen prexuízo de que aos efectos de conseguir unha maior difusión potestativamente se poderán publicar na web do Concello de Ponteceso.

A publicación das listas de admitidos e excluídos, listados de aprobados, resolucións de nomeamentos e demais documentos publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web.

## **16<sup>a</sup>: INCIDENCIAS**

1. A presente convocatoria, as súas bases, e todos os actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

## ANEXO I

### SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO DE SELECCION DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIOS (PROGRAMA APROL RURAL 2025)

#### DATOS PERSOAIS:

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDERECO	
TELEFONO	
EMAIL	

#### EXPOÑO:

- Que desexo participar no procedemento de selección para dar cobertura, mediante contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de 3 peóns/peoas para desenvolver o "Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso", de acordo coas bases da convocatoria.
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que a documentación achegada é auténtica.
- Que autorizo ao Concello de Ponteceso para publicar os meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e as posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ponteceso ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo ao traslado dos mesmos á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co obxectivo de xustificar a subvención concedida.
- Que autorizo ao Concello de Ponteceso para recabar información do Servizo Público de Emprego requerido para xustificar a miña condición de persoa desempregada no momento do inicio do proceso selectivo e, no caso de resultar seleccionado/a, na data de comezo do contrato.

Achégase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

- DNI
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada
- Declaración xurada de non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a 9 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).
- De ser o caso, acreditación de posuír o Celga 1.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Polo exposto, SOLICITO, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ao que se refire a presente instancia.

....., ..... de ..... de 2025

Asdo.:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO**

## ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA. PROCESO DE SELECCION DE 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIAS  
(PROGRAMA APROL RURAL 2025)

NOME E APELLIDOS	
DNI	
ENDEREOZO	
TELEFONO	
EMAIL	

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO:

Que non fun contratado/a por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2024. IGE).

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

....., ..... de ..... de 2025

Asdo.:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTECESO**

Ponteceso, 6 de xuño de 2025

O alcalde

Asdo. José Manuel Mato Martínez